

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

EXTRACTO da Orde do 5 de setembro de 2022 pola que se regula o réxime de axudas a centros docentes privados concertados dependentes desta consellería para participar no Programa de inmersión lingüística en lingua inglesa a través de actividades dixitais, Digitalweek, dirixido ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria, durante o curso 2022/23 (código de procedemento ED301L).

BDNS (Identif.): 648209.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Beneficiarios*

Esta convocatoria está destinada a centros docentes privados concertados dependentes da Consellería de Cultura, Educación Profesional e Universidades en que se imparta 6º de educación primaria ou educación secundaria obrigatoria durante o curso 2022/23.

Cada centro poderá participar cun máximo de 25 alumnos e/ou alumnas do mesmo nivel educativo.

Segundo. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto regular o procedemento de solicitude e concesión de axudas, en réxime de concorrência competitiva, a centros privados concertados en que se imparta 6º de educación primaria ou educación secundaria obrigatoria durante o curso 2022/23.

2. O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrência competitiva.

CVE-DOG: vxv9vys8-6v01-rhw9-f8b5-lsgpxy5z0gb8



Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 5 de setembro de 2022 pola que se regula o réxime de axudas a centros docentes privados concertados dependentes desta consellería para participar no Programa de inmersión lingüística en lingua inglesa a través de actividades dixitais, Digitalweek, dirixido ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria, durante o curso 2022/23 (código de procedemento ED301L).

Cuarto. *Financiamento e contía das axudas*

1. O financiamento das axudas previstas nesta orde efectuarase con cargo á partida orzamentaria 10.30.423A.780.3, por un importe máximo de 171.000,00 €, con cargo ao orzamento de 2022.

Número de prazas: 475.

Número de prazas máximo por centro: 25.

Prezo máximo de cada praza: 360 €.

Quenda	Datas	Cursos	Alumnado
1ª quenda	Do 27 de novembro ao 3 de decembro	6º EP	175
2ª quenda	Do 4 ao 10 de decembro	1º e 2º ESO	150
3ª quenda	Do 11 ao 17 de decembro	3º e 4º ESO	150

2. O custo total de cada actividade inclúe:

a) Os monitores ou monitoras que acompañarán o alumnado en cada un dos grupos durante a actividade.

b) Os gastos de docencia e o material escolar.

c) As actividades culturais, deportivas e complementarias dos cursos.

d) Os gastos de manutención e aloxamento do alumnado.

e) O certificado de realización da actividade.

f) O seguro de accidentes e de responsabilidade civil.



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2022

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

CVE-DOG: vxv9vys8-6v01-rhw9-f8b5-lsgpxy5z0gb8

